

Congreso Down Galicia

Construíndo O Futuro Da Educación

Un Dereito Para Todos E Todas

“Transformamos a mirada: unha experiencia de inclusión educativa no Losada”

Ana Parada Gañete

Orientadora do IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez (A Estrada)

Congreso Down Galicia

CANDO...

**“TRANFORMAMOS A MIRADA?”
PASOU A SER**

“TRANSFORMAMOS A MIRADA”

- IES P. Antón Losada Diéguez (A Estrada). Pequena vila do interior de Galicia
- Curso 2022-2023
- Alumnado matriculado: 600 (aprox.)
- Oferta educativa: ESO, bacharelato, ciclos formativos (grao básico, medio e superior) e ESA.
- Claustro de profesorado: 80 (aprox.)
- Recursos para á atención á diversidade: orientadora e PT (TC).




Congreso Down Galicia

CICLO BÁSICO DE INFORMÁTICA DE OFICINA

- Grupo clase de 9 alumnos/as.
- 2 alumnos/as con NEE
- Resto do alumnado: alumnado NEAE, diferentes niveis de competencia curricular, dificultades de aprendizaxe, diversidade de implicación, compromiso e motivación; **dificultades comportamentais.**
- Equipo docente: 4 integrantes.
- **Un alumno con Síndrome de Down.**
- **A figura de orientación nova no centro. DESCOÑECE A SITUACIÓN.**



Congreso Down Galicia



Esta foto de Autor desconocido está bajo licencia [CC-BY-SA](#)

Congreso Down Galicia

DIFICULTADES DETECTADAS QUE POTENCIABAN O “CORTOCIRCUÍTO”

- Falta de confianza do equipo directivo do centro cara o alumno: paradigma “non é capaz de...”
- Situación de estrés no equipo docente do alumno. Medos, inseguridades, sentimento de non poder/saber atender ao alumno. Desconfianza cara o alumno. **Paradigma “non é capaz de...”**
- Familia defendendo os dereitos do seu fillo con desconfianza cara o centro educativo (conflicto e tensión).



Congreso Down Galicia

PREGUNTAS QUE SE FAI UNHA ORIENTADORA NESE MOMENTO?

Alguén pensou no alumno?

Quen se ocupa de garantir o seu dereito á educación dende unha mirada inclusiva?

Quen falou con el ata o momento? Que sinte? Que sabe? Que espera de nós? Como está?

REDORDAMOS: A EDUCACIÓN DE CALIDADE É UN DEREITO DE TODAS E DE TODOS!



Congreso Down Galicia

ACTUACIÓNS INMEDIATAS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- Coñecer **ao alumno** (contexto naturais de desenvolvemento).
 - Entrevistas co seu **profesorado**. Precisamos identificar **figuras de apoio** e que teñan unha mirada diferente.
 - Entrevista coa **familia**. **ESCOITA ACTIVA, COMPRENSIÓN, EMPATÍA. TRANSMITIR QUE ACEPTAMOS AO SEU FILLO NO CENTRO E QUE IMOS REMAR XUNTOS.**
 - Entrevista cos profesionais externos que atenden ao alumno: Down Compostela.
-
- Revisión de informes, expediente académico, historia escolar.



Congreso Down Galicia

VALORACIÓN INICIAL

- Fortalecer os **PUNTOS FORTES** cos que xa contamos:
 - **Alumno:** bo rendemento académico, boas interaccións sociais, ben en autonomía. Capacidade de traballo e de esforzo. Boa comprensión. Capacidade de atención e memorización.
 - **Titor** moi implicado e mostrando confianza nas capacidades do alumno. Isto debe contaxiar ao resto do equipo.
 - **Familia** implicada: con recursos culturais, económicos, familiares.
 - Apoio de axentes educativos externos e especializados: **Down Compostela**.
- Eliminar os **puntos débiles**: falta de comunicación e entendemento entre a familia e a escola.



Congreso Down Galicia

PUNTOS CLAVE DA INTERVENCIÓN:

- Medida de atención á diversidade extraordinaria: **flexibilización modular.**
 - Acordo do Equipo Docente (aumentou a seguridade e a confianza)
 - Acordo da familia: Previamente unha correcta explicación da medida e das súas implicacións. Tempo para pensar.
 - Autorización da inspección educativa
- **Modelo de Escola Aberta á Comunidade**
 - Presenza da familia no centro con frecuencia. ESCOITA ACTIVA. BUSCA DE SOLUCIÓNS
 - Coordinacións con **Down Compostela** (abrirlle as portas do noso centro para a intervención e para a sensibilización)
- **CONSOLIDACIÓN DAS ACTUACIÓNS. SEGUIMENTO.**



Congreso Down Galicia

Curso 2023-2024 e 2024-2025

- Xurdiron dificultades? CLARO! (inclusive algunhas graves)
 - Asesoramento constante de Down Compostela.
 - Reunións de equipo docente: información, valoración e análise e toma de decisións EN EQUIPO.
 - Reunións coa familia: información constante. ESCOITA ACTIVA.



Congreso Down Galicia

PREMIO FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA 2024



Congreso Down Galicia

E QUÉ SUCEDE CANDO “TRANSFORMAMOS A MIRADA” CARA A INCLUSIÓN?

- Garantimos o dereito de todas/os a unha EDUCACIÓN DE CALIDADE. O alumno acadou o título de grao básico de FP de Informática de Oficina, o título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e o CELGA 3 de Lingua Galega. Acada unhas boas condicións para iniciar a súa **transición á vida adulta.**



Congreso Down Galicia

E QUÉ SUCEDE CANDO “TRANSFORMAMOS A MIRADA” CARA A INCLUSIÓN?

- Transmitimos valores de respecto, aceptación e empatía con todas as persoas no centro educativo. Promovemos a solidariedade e a sensibilidade cara as persoas con diversidade funcional.
- Profesión docente dignificada, recoñecida e valorada (premio, visibilización no centro)
- FAMILIA: síntese escoitada, acompañada e apoiada no seu reto de educar.



Congreso Down Galicia

Construíndo O Futuro Da Educación

Un Dereito Para Todos E Todas

MOITAS GRAZAS!